

s/n, Monforte de Lemos, Lugo, CP 27400, para o coñecemento do contido íntegro do acto e constancia de tal feito

Advertíndolle de forma expresa que, transcorrido un prazo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo deste municipio a notificación entenderase producida a tódolos efectos legais, continuándose cos trámites pertinentes

Monforte de Lemos, 15 de maio de 2014.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz

R. 1982

A PASTORIZA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 30 de abril de 2014 aprobou os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 1º trimestre do exercicio 2014

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 26/05/2014 e o 26/07/2014 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 26/06/2014. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, a 14 de maio de 2014.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 1983

PORTOMARÍN

Anuncio

En sesión celebrada con data once de marzo de dous mil catorce, o Pleno da Corporación acordou o seguinte:

1.- A aprobación inicial da seguinte modificación no apartado 1 do artigo 6 da citada ordenanza:

Artigo 6: Cotas e tarifas.

1.- A contía da taxa pola utilización do servizo da piscina municipal establecerase en función das tarifas seguintes:

A) Abonados		IMPORTE
1.	Adulto mensual	12,00 Euros
2.	Familiar mensual	15,00 Euros
3.	Pensionistas e infantil mensual	6,00 Euros
4.	Adulto tempada	24,00 Euros
5.	Pensionistas e infantil tempada	15,00 Euros
6.	Familiar tempada	30,00 Euros
B) Entrada libre		IMPORTE
1.	Adulto	2,00 Euros
2.	Pensionistas e infantil	1,00 Euros

Sométense a información pública e audiencia dos interesados por prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente no BOP.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de trinta días hábiles de información pública sen que exista reclamación algunha, quedará automaticamente elevado a definitivo o citado acordo.

Portomarín catorce de maio de dous mil catorce.- O ALCALDE, Juan Carlos Serrano López.

R. 1984

SOBER

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE XÓVENES MENORES DE TRINTA ANOS COMO PERSOAL LABORAL NON FIXO PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE SOBER DURANTES OS MESES DO VERÁN.

A) CONVOCATORIA.

Visto que polo Pleno do Concello en data 27 de marzo de 2014 declarouse prioritaria a cobertura das seguintes prazas: auxiliar de axuda no fogar; auxiliar deportivo; auxiliar de turismo; auxiliar deportivo; peón de servizos múltiples; auxiliar de viticultura, nos meses do verán .

Vista a Memoria elaborada pola Alcaldía en data 12 de maio 2014 xustificativa da necesidade ou conveniencia de potenciar o emprego xuvenil.

Visto o Informe favorable de Secretaría intervención de data 19 de marzo de 2014.

Vistas as bases redactadas polos servizos xurídicos do Concello.

Visto o art. 11 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) polo que se establece que "é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal".

Visto o artigo 55.1 do EBEP que sinala que "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".

Visto o artigo 55.2 do EBEP que preceptúa que "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección."

Visto o artigo 61.1 do EBEP que dispón que "os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto".

Visto o artigo 35.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece que "[...] poderán proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non podan ser atendidos por persoal laboral fixo, [...].

Os ditos contratos celebraranse conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen [...]."

Tendo en conta que para acadar un funcionamento eficaz dos servizos municipais , e con fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade urxente de convocar os empregos que a continuación se relacionan: